



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA
FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS
DÍA 17 DE XULLO DE 2024**

Na Sala de Xuntas do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas do día dezasete de xullo de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, os membros do Consello Reitor que se relacionan, e co seguinte orde do día:

Presidente: D. Carlos Coira Lojo
Vicepresidente: D. Álvaro Carou García
Vogais: Dna. Tania García Sanmartín
Dna Paola María Mochales
Dna. Elena Suárez Sarmiento
Dna. Marta M^a Ferradáns Padín
D. Ángel Cardalda Mosquera
D. Ángel Francisco Vilas Fernández
D. Isidoro Canabal Durán
D. Xosé Manuel Oubiña Rodríguez
D. José Luis Peso Teodosio
Secretaria: Dna. Rosa Losada Suárez
Interventor: D. Manuel Franco Leis
Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.

Dáse conta da acta do Consello Reitor da sesión extraordinaria do día cinco de xuño de dous mil vinte e catro e, unha vez atopada conforme o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO DA FUNDACIÓN PÚBLICA DO SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS PARA O EXERCICIO 2024

O Sr. Presidente explica o orzamento da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais para o exercicio 2024.



Pola Sra. Elena Suárez se deixa constancia de que non comparte que se envíe a documentación con tan pouco tempo previo a sesión, o que impide o estudo da mesma.

O Consello Reitor acorda aprobar o orzamento da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais para o exercicio 2024, con nove votos a favor e con dos votos en contra da Sra. Marta M^a Ferradáns e da Sra. Elena Suárez.

3.- ROGOS E PREGUNTAS

Polo Sr. Presidente da Fundación de Deportes comenta a situación actual das distintas instalacións deportivas

A obra de substitución do céspede artificial no Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez xa está rematada, e a substitución do céspede no Campo de Fútbol Berdón está adxudicada e se espera comezar a mediados do mes de agosto.

No Pavillón Municipal de Carril estanse realizando os traballos de adecuación da cuberta de vestiarios e a construción de un aseo para o público.

En relación a obra na piscina Municipal indica que a obra de substitución da cristaleira da zona sur, comezou o día 15 de xullo e rematará o 31 de agosto. A obra obriga por seguridade ao peche dos vasos da piscina, mentras que o ximnasio e a sala de actividades continua abertos coa súa actividade ordinaria. Esta situación conleva que se teñan que facer descontos nas cuotas mensuais dos usuarios.

As subvencións pretendíanse ter resoltas neste mes, pero a persoa de administración da Fundación de Deportes que levaba o tema, tivo un ingreso hospitalario e está de baixa, o que retrasará a resolución das mesmas.

En canto ao torneo Encestarías, se mantiveron reunións cos organizadores, e aseguroulles que o Pavillón nº 1 estaría listo antes da data do torneo, pero eles decidiron facelo este ano en Pontevedra.

Pola Sra. Elena Suárez, indica que a prórroga para o remate das obras no Pavillón Nº 1 é ata o 19 de xullo, pero que tal como están parece difícil que rematen en tres días, e pregunta si vai-se ampliar a mesma.

O Sr. Presidente contéstalle que para agosto cando comencen a adestrar os equipos estará rematada.





Intervén a Sra. Paola María indicando que a empresa comunicou que ía pedir unha prórroga de dez días.

Polo Sr. Presidente informa dos eventos deportivos, no que o sábado 20 de xullo vaise a xogar no Estadio Municipal de A Lomba o encontro R.C. Celta – F.C. Vizela portugués, para o cal a Fundación de Deportes tivo que facer as labores de preparación e mantemento do terreo de xogo para que o mesmo estivese en perfectas condicións, o que confirmou o persoal do RC Celta o martes nunha visita a instalación.

A máis indica que a Fundación de Deportes organizará o vindeiro sábado 27 de xullo a Carreira Nocturna e que o domingo 28, organizado polo Club natación Vilagarcía e coa colaboración do Concello, desenvolverase a travesía a nado ao porto de Vilagarcía.

Actualmente estase desenvolvendo o Campionato do Mundo xuvenil e vela nas clases 49er, 49er FX e Nacra 17, o cal, rematará o domingo 21 de xullo coa entrega de premios en horario de tarde, estando pendentes da confirmación horaria por parte da Federación Galega de Vela.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e vinte minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.

